

Expediente 904-441

## INFORME-PROPOSTA

### **ACLARACIÓN ÁS CUESTIÓN FORMULADAS NO PROCEDIMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE “MELLORA DAS INSTALACIÓN DO TÚNEL DE BEIRAMAR”**

#### **I.- ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** En data 24 de xuño de 2021, a Xunta de Goberno local (en adiante XGL) acordou aprobar o expediente de contratación, a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria, das obras do proxecto de “mellora das instalación do túnel de beiramar”.

**Segundo.-** O 28 de xuño de 2021 publicouse o anuncio no perfil de contratante aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público.

**Terceiro.-** Aberto o prazo para a presentación de ofertas, solicitáronse aclaracións aos pregos nas datas 28 de xuño e 8 de xullo, dentro do prazo sinalado na cláusula 11.3 do prego de cláusulas administrativas particulares -PCAP- (“As aclaracións e documentación poderán solicitarse, a través do Rexistro xeral, ata 12 días antes da finalización do prazo de presentación de ofertas”).

#### **II.- ACLARACIÓN**

Reprodúcense a continuación as aclaracións solicitadas e as súas respostas

- **Pregunta 1: ¿Hay visita a Obra?, ¿es obligatoria para licitar?**

- **Resposta 1: O Area de Fomento indica que non procede visita á obra.**

- **Pregunta 2: En la página 49, cláusula 34, del PCAP se indica que el plazo de garantía serán 5 años, pero en el página 8, cláusula 4, del PPT (Proyecto) indican que la garantía será de 2 años. Solicitamos aclaración sobre cual es el plazo de garantía de las obras.**

- **Resposta 2: O prazo de garantía será o establecido no PCAP, 5 anos.**

#### **III.- ÓRGANO COMPETENTE**

A competencia para a aprobación da resposta ás aclaracións formuladas polos interesados nos procedementos de contratación durante o prazo de presentación de ofertas correspóndelle á concelleira delegada de Contratación por acordo da Xunta de Goberno local de data 20 de xuño de 2019.



**VI.- PROPOSTA DE RESOLUCIÓN**

Á vista do exposto, propónse á concelleira delegada de Contratación a adopción da seguinte resolución:

- ***“Aprobar as respostas ás cuestións formuladas, contidas neste informe, respecto do procedemento aberto das obras do proxecto de “mellora das instalación do túnel de beiramar”.***
- ***Publicar esta resolución no perfil de contratante do Concello de Vigo aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público”.***


A xefa do Servizo de Contratación (sinatura dixital)

DECRETO: Vista a precedente proposta, RESOLVO DE CONFORMIDADE

Vigo, data segundo sinatura electrónica

A CONCELLEIRA-DELEGADA DE CONTRATACIÓN (Acordo de delegación competencial de data 20 de xuño de 2019).- Patricia Rodríguez Calviño

Dou fe, A SECRETARIA DO GOBERNO LOCAL

	Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/07/2021 16:52	Páxina 2 de 2
	Expediente 904/441	CSV: 2HE4DC-E34634-4225E4-HVFE6E-U6L36Y-EH	
	Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		